



# II FORO RIS3

## Peché do proceso de elaboración da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027: Resultados e conclusións

14 de xaneiro de 2022

# Índice

1. RIS3 de Galicia 2021-2027: **CONTEXTO, NOVIDADES E ELEMENTOS DIFERENCIAIS**
2. O **PROCESO DE DESEÑO** da nova RIS3: participación e logros
3. **GRANDES DESAFÍOS** da nova RIS3
4. **ELEMENTOS CENTRAIS** da nova RIS3: obxectivos, programas e resultados esperados
5. **PRÓXIMOS PASOS:** posta en marcha da Estratexia

# 1. RIS3 de Galicia 2021-2027: contexto no que xurde e características

## A I+D+i como aposta clave de transformación

### AFRONTAMOS NOVOS RETOS A NIVEL GLOBAL...

Estamos asistindo a **profundos e rápidos cambios globais**:

- Xeopolíticos
- Demográficos
- Climáticos
- Económicos
- Sociais

### ... CON ELEMENTOS DIFERENCIAIS EN ESPAÑA/GALICIA

- **Maior peso das pemes**, menor peso da industria
- Modelo económico relativamente **menos baseado no coñecemento**, con máis peso en sectores tradicionais

### A I+D+i COMO ELEMENTO CLAVE

A I+D+i é clave para:

- **Transformar o modelo produtivo** para afrontar con éxito os novos escenarios
- **Crece e xerar emprego de calidade**
- Dar resposta ás **necesidades das persoas**

## A RIS3 como nova forma de facer política de I+D+i

### QUE É A ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE?

A especialización intelixente é un **modelo de desenvolvemento territorial** baseado na innovación para a competitividade, que xira en torno á **priorización a partir do consenso cos diferentes actores rexionais**.


### QUE É A RIS3?

A Estratexia Rexional de Innovación para a Especialización Intelixente (RIS3) é a **materialización do modelo** de especialización intelixente en **políticas e instrumentos** de apoio.

### POR QUE XURDE A RIS3?

Xurde a principios do pasado período de programación europeo (2014-2020) como un requisito da Comisión Europea, ante a necesidade de **reenfocar a forma en que os fondos europeos para a I+D+i se estaban executando**.

## 1. RIS3 de Galicia 2021-2027: novidades e elementos diferenciais



## 1. RIS3 de Galicia 2021-2027: novidades e elementos diferenciais

**MAIOR IMPLICACIÓN DOS AXENTES** durante toda a definición e nas posteriores implementación e seguimento

Coordinación reforzada a nivel Xunta: papel da **COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL** de I+D+i

Unha Estratexia **TRANSVERSAL** (foco nas cadeas de valor) e **MULTICOMPETENCIAL** (multifondo)

Focalizada nas **PERSOAS** como vía para lograr a especialización intelixente e sustentable

Unha **Estratexia MÁIS INTERNACIONAL** aliñada cos principais marcos de referencia a nivel estatal e europeo, que buscará a colaboración e acceso aos recursos en Europa e España

**AMBICIOSA** que busca a **transformación** de Galicia, dunha maneira sustentable, económica, social e medio ambiental, cun apoio a proxectos e iniciativas que xeren impacto: **MISIÓNS**

## 2. O proceso de deseño da nova RIS3: participación

Recompilouse a experiencia e coñecemento dos axentes para a diagnose

Contrastouse e complementouse a diagnose  
Definíronse os nichos a priorizar, misión, visión, e obxectivos a acadar

Redacción da Estratexia  
Planificación de actuacións  
Marco financeiro

### O proceso participativo

### Proceso participativo para a futura RIS3 Galicia 2021-2027



Entrevistas  
personais



Mesas redondas  
e grupos de  
expertos



Respostas a  
cuestionarios de  
empresas



Respostas a  
cuestionarios  
innovadores  
ocultos



Respostas a  
cuestionarios  
sociedade



TOTAL

### 3. Grandes desafíos da nova RIS3

#### Relativos á oferta

1. Fortalecer a oferta
2. Facer máis visible e accesible a oferta de coñecemento
3. Articular e dotar de coherencia as capacidades da oferta: investigación e sinerxías
4. Equilibrar e conectar a investigación non orientada e a aplicada
5. Promover o aliñamento cara as necesidades do mercado

#### Relativos á demanda

6. Incrementar o número de empresas que fan innovación
7. Apoiar todas as etapas da innovación empresarial: itinerarios
8. Estender a cultura da innovación no tecido empresarial
9. Profesionalizar a I+D+i nas empresas
10. Incrementar a colaboración entre as empresas e os centros de coñecemento

#### Relativos ás cadeas de valor

11. Completar os segmentos ausentes nas cadeas de valor
12. Incorporar etapas de transformación (maior valor engadido) nas cadeas de valor
13. Sistematizar a colaboración entre os segmentos e actores das cadeas de valor
14. Estender e aproveitar as solucións de sustentabilidade e dixitalización ao longo das cadeas de valor

#### Relativos ás persoas

15. Xerar unha contorna favorable tanto para a atracción como para a retención de talento
16. Capacitar ás persoas nos nichos de oportunidade a futuro
17. Asegurar un relevo xeracional baseado na innovación e nas capacidades requiridas a futuro
18. Avanzar na paridade da muller no ámbito da I+D+i

#### Relativos ao posicionamento no mundo

19. Atraer investimento privado e público para a I+D+i, que complemente os recursos de Galicia
20. Incrementar a participación en redes, consorcios e programas de índole nacional, europeo e internacional
21. Diferenciar Galicia como contorna de testeo ("living-lab") en nichos nos que pode ser referente a nivel internacional

## 4. Elementos centrais da nova RIS3: construción da lóxica da Estratexia

1. A nivel estratéxico, **O PROCESO PARTICIPATIVO PERMITIU ESTABLECER UNHA PRIORIZACIÓN** para unha especialización intelixente e sustentable, identificando retos compartidos por todos
2. A **PRIORIZACIÓN** defínese a partir de:

- Os **3 grandes retos da RIS3 2014-2020**, dos cales a validez foi confirmada polos axentes
- As **3 grandes prioridades identificadas polos axentes para 2021-2027** (sustentabilidade, dixitalización e retos sociais)


A concreción de **como implementar as 3 grandes prioridades en cada un dos retos** da lugar aos **24 ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN PRIORIZADOS**

3. Establécense a **visión e misión, 5 obxectivos estratéxicos e 5 programas**



## 4. Elementos centrais da nova RIS3: priorización

### Ámbitos de intervención prioritarios 2021-2027



## 4. Elementos centrais da nova RIS3: visión e misión



## 4. Elementos centrais da nova RIS3: obxectivos estratéxicos



1

Avanzar na configuración dun **ECOSISTEMA MÁIS INTEGRADO** xuntando as capacidades e esforzos desde as entidades xeradoras de coñecemento (oferta) **para facilitar a colaboración** entre elas, así como **a transferencia** ao conxunto do tecido empresarial.

2

Acadar un **EQUILIBRIO** no enfoque dual existente entre o **NIVEL DE EXCELENCIA** esixido para a investigación e a **APLICABILIDADE** requirida pola innovación empresarial próxima ás necesidades do mercado.

3

Impulsar o **DESENVOLVEMENTO DAS CADEAS DE VALOR** estratéxicas para Galicia **consolidando** os segmentos nos que se conta con masa crítica e **completando** progresivamente aqueles nos que hai un desenvolvemento menor **desde unha perspectiva de circularidade**.


4

Desenvolver as capacidades das persoas potenciando o modelo de especialización intelixente e sostible e convertendo a Galicia nun entorno atractivo para a atracción e retención do **TALENTO**, con especial atención ao rol da muller.

5

Impulsar a **MARCA GALICIA** como **activo para a I+D+i** que permita **apancar investimento privado** tanto interno como externo, así como posicionar a Galicia no mundo.


## 4. Elementos centrais da nova RIS3: programas



## 5. Próximos pasos: a posta en marcha da Estratexia

Un aspecto esencial para as RIS3 do novo período 2021-2027 é garantir a **PARTICIPACIÓN ACTIVA E CONTINUADA** no tempo do conxunto de actores da cuádrupla hélice, **tanto na implementación coma no seguimento** da Estratexia, de maneira que o Proceso de Descubrimiento Emprendedor se manteña vivo durante todo o período da RIS3.

Traballarse en torno a grupos RIS3 a **partir das PREMISIÓNS** identificadas na etapa de definición polos axentes e que están ligadas a cada un dos 24 ámbitos de intervención prioritarios.



## 5. Próximos pasos

- Indicadores
- Orzamento
- Proceso formal de aprobación
- Presentación final da RIS3



**GRAZAS**  
**a todos e todas pola implicación,**  
**a participación e o esforzo**

## Información e contacto

Email: [gain@xunta.gal](mailto:gain@xunta.gal)

<http://gain.xunta.gal/>

<https://ris3galicia.es/>



Axencia GAIN



gain-axencia-galega-de-innovación/



@axenciaGAIN